

MEMORIA DA BIBLIOTECA ESCOLAR

CURSO 2023/2024



I.E.S. Lama das Quendas
R./ Uxío Novoneyra s/n
27500 - Chantada (Lugo)



Tel.: 982 870 223 – Fax: 982 870 233

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamaquendas>

ies.lama.quendas@edu.xunta.es

<http://biblioquendas.blogspot.com>



ÍNDICE XERAL

1. GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DO CURSO	3
2. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS	8
3. AVALIACIÓN	14
4. PREVISIÓNS DE FUTURO.....	19
4.1. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN: A BIBLIOTECA COMO LABORATORIO CREATIVO DE APRENDIZAXES	19
4.2. DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO	20
4.3. FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL	20
4.4. FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO	21
4.5. AVANCES CARA UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA	21
4.6. OUTRAS ACTUACIÓNS	22
4.7. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES E INSTRUMENTOS QUE SE VAN UTILIZAR	23
4.8. PERSOA DESIGNADA COMO RESPONSÁBEL/DINAMIZADORA DA BIBLIOTECA ESCOLAR. EQUIPO DE APOIO. HORARIO PREVISTO.	23

1. GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DO CURSO

Podemos considerar que se cumpriron a maioría dos obxectivos propostos para este curso. Aqueles que aínda están en proceso teñen que ver, por un lado, co proceso de migración do programa de xestión Meiga ao actual Koha iniciado o pasado curso, e que nos levou a facer trocas nos andeis da sala de préstamos para optimizar espazos e recursos. Continuamos tamén coa reorganización total do arquivo histórico que fora reformado durante o verán 2018.

Por outro lado seguimos traballando para que a biblioteca sexa un espazo máis empregado e aproveitado, xa non só de aula dalgunhas materias, senón tamén como lugar de reunión e traballo de diferentes grupos en calquera área educativa, pensándoa como un fervedoiro de inquedanzas que nos motive, xunto co resto da comunidade educativa, á realización de actividades e proxectos que contribúan á compensación das desigualdades sociais e á calidade do ensino que se imparte no centro. Seguimos a desenvolver actividades e materiais que sirvan como ferramentas e boas prácticas que axuden a loitar contra a desinformación, e coa axuda de membros do claustro e especialmente o Departamento de Orientación, seguimos traballando e tentando avanzar cara unha biblioteca verdadeiramente inclusiva.

Este curso seguimos empregando a Biblioteca para a realización de recitais, lecturas compartidas, obradoiros de radio, encontros con autoras, reunións dos grupos do club de lectura e as súas actividades paralelas... Dende o primeiro trimestre tivemos actividades de conversa e inmersión lingüística cunha alumna e un alumno (irmáns ambos, recentemente chegados da Inglaterra) durante unha hora semanal.

A continuación expoñemos polo miúdo os obxectivos que nos tiñamos marcados para este curso 23/24:

1. Organización e xestión. Existirá a figura do profesor responsábel da biblioteca así como un equipo de apoio da biblioteca formado por profesorado de diferentes departamentos que traballará en coordinación co anterior. SUPERADO

2. Organización e xestión. Tanto o responsábel como o equipo deben ter unha dedicación horaria suficiente para desempeñar o seu labor e permitir que a biblioteca estea aberta o máximo de períodos lectivos posible. Os membros deste equipo terán unha hora de reunión semanal para coordinar os traballos e a organización da biblioteca escolar. SUPERADO

3. Organización e xestión. Continuaremos coa figura do alumnado colaborador da biblioteca coa finalidade de implicalos na súa organización e xestión. SUPERADO

4. Organización e xestión. Cambio ao novo soporte informático KOHA, migración do catálogo e actualización da base de datos. Os préstamos e devolucións de fondos serán xestionados tamén mediante o anterior programa. EN PROCESO

5. Organización e xestión. O fondo bibliográfico da biblioteca do centro poderá ser consultado a través da páxina web <https://ieslamaquendas.edubib.xunta.gal/>. Tamén haberá na páxina web do centro <http://centros.edu.xunta.es/ieslamaquendas> unha sección dedicada á biblioteca. SUPERADO

6. Organización e xestión. Continuarase co club de lectura, con todas as seccións de alumnado, profesorado e persoal non docente, nais, pais e amigas. SUPERADO

7. Organización e xestión. Como a biblioteca debe seguir ampliando e actualizando os seus materiais, continuará o expurgo dos fondos documentais que leven tempo sen empregarse, incorporándoos ao arquivo histórico anexo habilitado para ese fin. EN PROCESO

8. Organización e xestión. Para ir avanzando cara unha biblioteca como laboratorio creativo de aprendizaxes promoverase dende o equipo coordinador que siga a ser empregada como espazo xa non só de aula dalgunhas materias, senón tamén como lugar de reunión e traballo de diferentes grupos á hora de desenvolver proxectos sobre calquera área educativa, continuando co labor realizado nos pasados cursos con recitais literario-musicais, obradoiros de teatro e radio, creación literaria ou encontros con persoas autoras. EN PROCESO

9. Organización e xestión. Apertura dunha *Sala de lectura* na aula de desdobre contigua á biblioteca durante os tempos de lecer. EN PROCESO

10. Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca. Actualización e provisión do material necesario para poñer en marcha o Proxecto Lector e para dotar aos distintos departamentos dos fondos documentais que lles faciliten o seu labor docente. SUPERADO

11. Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca. Estes recursos difundiranse a través de actividades específicas como centros de interese, elaboración de guías de novidades, exposicións, e outras actividades que co gallo das distintas conmemoracións se programen na biblioteca. Ademais, pedirase aos distintos departamentos toda a colaboración posíbel para que a adquisición destes fondos sexa axeitada para a súa práctica docente. SUPERADO

12. Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca. Seguirase coas sesións de animación lectora e cos encontros con autoras, que nos axudarán a coñecerlas, a comprender mellor os seus libros e a fomentar o gusto pola lectura. SUPERADO

13. Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca. Realizaremos, en colaboración con distintos departamentos do centro, actividades de animación lectora, realizadas por persoal do centro ou animadoras alleas que achegarán ao alumnado os libros dun xeito máis lúdico. SUPERADO

14. Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca. Proxecto Vinilo: continuaremos coa catalogación de vinilos do noso arquivo histórico (e provenientes da Aula de Música do centro) que comezamos o curso pasado en colaboración co Departamento de Música e a súa materia de H^a da Música e a Danza de 2º de Bacharelato. Con algúns deles realizamos algúns podcasts divulgativos. NON SUPERADO

15. Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca. Con todo iso pretenderase servir de apoio a un proceso educativo que, partindo da lecto-escritura, avance cara a alfabetización informativo-dixital, a alfabetización multimedia, a alfabetización intercultural e, xa que logo, á integradora de todas elas e coñecida nesta nosa sociedade da información, de todas e para todas, como a alfabetización múltiple. SUPERADO

16. Formación de usuarios e adquisición da competencia informacional. Tal e como se fixo en cursos anteriores programáranse varias sesións de actividades para coñecer o espazo físico da biblioteca e os fondos da mesma, para facilitar o acceso á información e a consulta do catálogo e elaboráranse guías de formación, presentacións dixitais e actividades para traballar co alumnado, sempre coa colaboración necesaria do profesorado e preferentemente a través do plan de acción tutorial. SUPERADO

17. Formación de usuarios e adquisición da competencia informacional. Neste apartado terá unha especial atención a formación do alumnado colaborador da biblioteca, xa que entre as súas funcións está a de axudar ao resto de compañeiras na busca dos materiais da biblioteca. SUPERADO

18. Formación de usuarios e adquisición da competencia informacional. Nestes tempos estraños parécenos imprescindible incidir aínda máis na educación contra a desinformación, dotando e informando sobre ferramentas e boas prácticas para a comunidade educativa que axuden a loitar contra unha das principais lacras do mundo actual. EN PROCESO

19. Fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto lector de centro. Plan de lecturas curriculares: Dotación das obras e textos que complementan o currículo. SUPERADO

20. Fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto lector de centro. Club de lectura: Tentaremos seguir coas distintas seccións do club de lectura prestando especial atención á de nais, pais e amigas, por considerar que é dende as propias casas onde se pode facer máis polo fomento da lectura. Faranse reunións periódicas para debater sobre unha obra literaria e encontro con autoras e animadoras da lectura. SUPERADO

21. Fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto lector de centro. Continuaremos co recuncho de conmemoracións onde se exporán os materiais dos que dispón a biblioteca relacionados co evento a lembrar. SUPERADO

22. Fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto lector de centro. Paneis conmemorativos: Atendendo as distintas actividades que se realicen no centro. SUPERADO

23. Fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto lector de centro. Centros de interese: Exposición de material dispoñíbel no centro relacionado coas actividades académicas. SUPERADO

24. Fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto lector de centro. Tutorías pola lectura: Coordinación coas tutorías para facilitar materiais coa finalidade de desenvolver a competencia lectora. SUPERADO

25. Fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto lector de centro. Continuarase cos préstamos de libros durante os períodos de vacacións para facilitar a lectura no tempo de lecer. SUPERADO

26. Fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto lector de centro. Continuaremos coa caixa de suxestións para que o alumnado poida pedir os materiais do seu interese. SUPERADO

27. Fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto lector de centro. Seguiremos co préstamo de e-books e tentaremos incorporar os fondos destes ao blog para dar visibilidade ao mesmo. SUPERADO

28. Avances cara unha biblioteca inclusiva. Contemplan a adquisición e/ou creación de textos adaptados como audiolibros e crear recursos en diferentes soportes e formatos. EN PROCESO

29. Avances cara unha biblioteca inclusiva. Programar actividades adaptadas para os distintos tipos de ANEAE para fomentar a participación. SUPERADO

30. Avances cara unha biblioteca inclusiva. Traballar para conseguir unha actitude de normalización, visibilidade, respecto e axuda en relación coa diversidade que acade a integración deste alumnado. EN PROCESO

31. Avances cara unha biblioteca inclusiva. Buscar material de lectura axeitado para o alumnado de Ensinanzas Básicas Iniciais (EBI). SUPERADO

32. Outras actuacións. Queremos pensar na nosa biblioteca como un fervedoiro de inxerencias que nos motive, xunto co resto da comunidade educativa, á realización de actividades e proxectos que contribúan á compensación das desigualdades sociais e á calidade do ensino que se imparte no centro, implicándonos en actividades de extensión cultural destinadas a toda a comunidade e contribuindo, xa que logo, á consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable da ONU (ODS da Axenda 2030). EN PROCESO

33. Outras actuacións. Traballos de investigación: Dotación e información sobre material e técnicas para a realización de traballos de investigación acerca dos distintos contidos das materias ou áreas do currículo. EN PROCESO

34. Outras actuacións. Fomentarase o uso da biblioteca como aula de traballo e como centro de recursos tanto para o profesorado como para o alumnado. SUPERADO

35. Outras actuacións. Glosarios de termos específicos: Colaborarase na elaboración de vocabularios específicos para a aula, en cada materia. SUPERADO

36. Outras actuacións. Conmemoracións e efemérides: Programaranse actividades co gallo das distintas celebracións dentro do calendario escolar: exposicións, concursos, talleres, etc... SUPERADO

37. Outras actuacións. Encontros con persoeiros (escritores, científicos, artistas, contacontos, etc...). SUPERADO

38. Outras actuacións. Semanas didácticas: Semana do amor, da poesía, do libro... SUPERADO

39. Outras actuacións. Sesións de animación lectora: No que acudirán persoas expertas para traballar co alumnado. SUPERADO

40. Outras actuacións. As nosas creadoras: Manter a caixa de suxestións na que se recollen as creacións ou traballos do noso alumnado. SUPERADO

41. Outras actuacións. Revista escolar: Colaboracións coa revista escolar realizada polo Equipo de Dinamización Lingüística. SUPERADO

42. Outras actuacións. Radio: Daremos continuidade a este proxecto na Aula de Radio *A fume de qarozo* para, pouco a pouco e neste curso vindeiro, conseguir unha maior implicación da comunidade educativa máis aló das actividades feitas polo equipo da biblioteca. SUPERADO

43. Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos. En canto aos criterios, terase en conta a dispoñibilidade do profesorado para a biblioteca, as modificacións e melloras do espazo físico e do catálogo, o funcionamento e utilidade do programa MEIGA para a catalogación, a organización e dispoñibilidade dos documentos tanto para o alumnado como para o profesorado, o nivel de formación das usuarias, o grao de uso da biblioteca como centro de recursos do centro, o desenvolvemento do programa das actividades de animación á lectura e o nivel global de funcionamento do proxecto de biblioteca. SUPERADO

44. Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos. Para a avaliación os instrumentos serán a observación e rexistro dos procesos e dos resultados obtidos e da realización de enquisas tanto ao profesorado como ao alumnado. A finais de curso o equipo da biblioteca elaborará unha memoria na que se recollerán as conclusións. SUPERADO

45. Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos. Para a avaliación do Proxecto lector e da Biblioteca pasaranse diferentes enquisas tanto aos departamentos como ao profesorado e ao alumnado. SUPERADO

2. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

A organización do espazo, a catalogación, a sinalización dos fondos, e o etiquetado foi unha actividade constante ao longo de todo o curso. A maiores realizáronse as seguintes:

- Mantívose na **páxina web do centro** (<http://www.edu.xunta.es/centros/ieslamaquendas>) os materiais elaborados de formación de usuarios/as e guías de lectura e o enlace directo ao novo catálogo KOHA logo da migración feita no primeiro trimestre.

<https://ieslamaquendas.edubib.xunta.gal/>

- Mantívose “**Biblioquendas**”, o blog da biblioteca para fomentar a lectura, o uso da biblioteca e para ser unha xanela de todas as actividades do centro. Dende a súa creación en xaneiro de 2011 conta con máis de 718000 visitas (<http://biblioquendas.blogspot.com>).

- Seguiuse co **préstamo de libros dixitais** e para iso fixéronse unhas normas de uso e tamén un listado de todos os libros dispoñibles para o préstamo. Todo este material foi colgado no blog da biblioteca:

<http://biblioquendas.blogspot.com.es/search/label/e-Book>

- Continuouse co blog de **catálogo de libros dixitais**.

<http://bibliodixital.blogspot.com.es>

- Elaborouse o **Plan anual de Lectura** coas achegas dos distintos Departamentos didácticos.

http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamaquendas/system/files/Plan%20de%20lectura%20anual%202023-2024_1.pdf

- Enquisas de avaliación do **Plan anual de lectura**.

- Continuamos coas tres seccións do **club de lectura**: alumnado, profesorado e persoal non docente, e nais, pais e amigas, a pesares de non ser admitidos no programa específico de Bibliotecas Escolares. A día de hoxe seguimos sen saber moi ben o que aconteceu entre decembro e xaneiro e o cambio de criterio para aceptar primeiro a nosa solicitude e despois denegala. Mais o proxecto, nas mans da profesora do departamento de Bioloxía e Xeoloxía **Tania Fernández Rodríguez**, seguiu o seu camiñar con lecturas nos diferentes grupos e actividades paralelas tirando, iso si, dos fondos PLAMBE e da asignación específica do centro para a Biblioteca.

<http://aquendadolibro.blogspot.com.es/>

- Difusión da **guía de normas e servizos da biblioteca** con información sobre a organización e busca de documentos.

- Fixéronse sesións de **formación de usuarias** para o alumnado de 1º e 2º de E.S.O. consistente na proxección dun vídeo sobre a nosa biblioteca, feito polo alumnado da materia de

Investigación e Tratamento da Información. Esta actividade realizouse nas horas de titoría en cada aula.

https://youtu.be/Q4NN72_wZq8

- Elaboración de **10 guías de novidades** cos novos fondos que se incorporaron á biblioteca, e difundidas como habitualmente.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamaquendas/taxonomy/term/80>


- **Formularios para que o alumnado** faga **suxestións de novas adquisicións**, tanto de material bibliográfico como en soporte dixital e nolas deixe na caixa de suxestións.

- Actividade de **conversa e inmersión lingüística** cunha alumna e un alumno (irmáns ambos) chegados da Inglaterra (martes a primeira hora) co coordinador da Biblioteca.

- No apartado de celebracións e conmemoracións ao longo do curso fixéronse as seguintes con exposición de libros axeitados á temática festexada no noso recuncho de conmemoracións, así como actividades paralelas:

- *Comezo de curso.*

- 16 de outubro: *Día das escritoras.*



Diálogo

«na lingua das bestas
señor
nesa lingua
escribo»

Chus Pato

(*Carne de Leviatán*, 2013)

Gravación de varios *podcast* conmemorativos para a nosa canle de Ivoox feitos nalgunhas aulas de Proxecto Competencial con textos de **Emilia Pardo Bazán**, **Charlotte Brontë**, **Virginia Woolf**, **Mercedes Ron**, **Margaret Atwood**, **Annabella G**, **Joana Raspall**, **Otessa Moshfegh**, **Antía Yáñez**, **Agatha Christie**, **Christine Nostlinger**, **María Cegarra** e **Emily Dickinson**.

https://www.ivoox.com/dia-das-escritoras-2023-i-audios-mp3_rf_117837524_1.html

https://www.ivoox.com/dia-das-escritoras-2023-ii-audios-mp3_rf_119038242_1.html

https://www.ivoox.com/dia-das-escritoras-2023-iii-audios-mp3_rf_119038287_1.html

- Do 18 ao 21 de decembro: *Nadal e Aninovo*. Adorno da biblioteca e das súas fiestras.



FELICES FESTAS E UN LECTOR ANO 2024!

- **San Valentín 2024**, no que se celebrou o tradicional *Concurso de cartas de amor e poesía*, organizado pola Biblioteca en colaboración co equipo de Dinamización Lingüística para festexar o día dos namorados.



- 23 de febreiro: **Día de Rosalía**.



Exposición de traballos feitos por alumnado de A Quenda do Libro e Proxecto Competencial nos corredores do centro na última quincena de febreiro..

- 23 de abril: **Día Internacional do Libro**.



En colaboración cos departamentos de Debuxo, Filosofía, Francés, Música e Relixión desenvolvemos a seguinte actividade para celebrar o Día do Libro.

- **Quen é quen?**. Concurso proposto ás titorías da ESO, no que cada aula durante o mes de maio tiña que acudir ao exterior da biblioteca e tentar descubrir os nomes das personaxes debuxadas e penduradas das fiestras, e investigar o libro ou libros onde aparecen e a súa autoría



➤ 17 de maio: **Día das Letras Galegas**.

- Campaña **Cólleme e lévame!!!**, na que unha escolma de textos de **Luísa Villalta** estivo dispoñíbel en varios espazos do Lama das Quendas para quen quixera collelos e levalos...

Abriu a boca en ti, onde as estrelas
configuran a constelación dos nosos nomes,
abrandar a vontade que nos puxa
implacabelmente para os extremos opostos
con esa forza de non sermos nen eu ti nen ti eu,
cortar a fita para inaugurar o tempo
no que nos miramos o ollo no ollo multiplicado
como o río aquel, o suor, o beixo continuado
balizado por latexos que se escapan,
e palabras atadas que nos fican dentro,
para fabricar o xesto de buscar-nos
por debaixo das sombras e os vestidos.
Abriu a boca á escuridade para encontrar o día.

Para amar-nos fuximos, amor, do amor
inventado por autores de óperas e comédias,
nun libro andrónico improvisado
no que xa figuran os diálogos que nós sabemos
porque os escribemos no tempo silencioso da invernía
cando o verme preparaba a súa forma borboleta ou a flor
era seme aínda na mandrágora, ou o río rubre
ou a nube alento abrasado no deserto.

Furtamos os ollos do público, como eva a súa mazá,
para mordé-los ao noso pracer, sen esperar aplauso.

(Textos incluídos no volume colectivo *Aprezados sen presa*, 2002)

**Día das Letras
Galegas 2024**

Luísa Villalta



© Kook-Abad

REAL ACADEMIA GALEGA

O ceu cobrou unha cor que facía pensar.
Era a hora en que as botellas se rompen para dar paso ás profundidades.
Atrás quedaban as cores ávidas, mortas de sono. O calor enfriaba-se no bisturi do horizonte.
Os nenos, de cóbdos na xanela, enfrontaban a historia inconsciente, nun palpebreo tan veloz como a infancia. Pero aínda hai un cambio poético que se reserva no bolso, un remanente da derrota, para mirar arredor.
Non nos estábamos separando, por iso nos recoñecemos. Fitábase-nos na cita imprevista, sen saber quen nos chamou ao fo do da noite.

(Ruído, 1995)



Isto é poesía, un ruído provocado.
Non ornamento, arabesco para as pontas dos dedos:
necesarios encaixes para a alma dormir ou sentir
a levedeza da onda cando apenas chega a romper.
Provocación de boca con fame, isto.
E a fame adormece
ou reclama.
Fronte á rutina, o rito da palabra tensa a pel
do mundo: un tambor que desperta. A nel estremece se
porque recoñece a morte que baila fóra da tumba.
Isto é tamén unha muller que resiste

(En concreto, 2004)

Para todas as portas valía
unha única chave, pesada como a vida.
Por iso sempre estaban abertas as portas da aldea
porque había normas morais
que, unha vez pechadas, ningún era quen de abrir máis.
Para todas as linguas
o silencio era tamén unha porta lenta
cacarañada de verme,
tan antiga como a maldición familiar
sobre a caste das mulleres
que nunca han de ser casadas.
A pesar do silencio,
abondaba mirar como miran as fechaduras vivantes
aos ollos de todos nós
para saber que o mullío non moe para atrás
nen devolve o grao á mazaroca.
Por suxeitar a deshonra,
o pai e nai xa nunca non me fallaron máis.
Eu nunca souben quen dos dous botou a chave
que pechou tras de min a porta do mundo
e me obrigou a saír
sen encontrar a saída.

(Papagaio, 2006)

▪ **Outras actividades.**

Colaboración noutros proxectos con diferentes departamentos e entidades:

- ✓ **Baleirada.** Visita á exposición fotográfica do colectivo *O Potiños* no *Espazo Xove de Chantada* para alumnado de 4º ESO, en colaboración cos Dptos. De Música e Relixión, na mañá do 2 de outubro.



- ✓ **Oficio de labregos.** Visita á exposición fotográfica de *Ángel Utrera* no *Espazo Xove de Chantada* para alumnado de 4º ESO, en colaboración cos Dptos. De Música e Relixión, na mañá do 18 de outubro.



- ✓ **Ceos Galegos.** Visita á exposición de fotografía astronómica e explicación por parte do coordinador do proxecto *Dosi Veiga* para alumnado de LPM de 1º de Bacharelato, en colaboración co Dpto. de Música, na mañá do 26 de xaneiro de 2024..



- ✓ **Torneo de Xadrez**, celebrado nos tempos de lecer do mes de maio ao abeiro da lectura no club de lectura “A Quenda do Libro” de *Los reinos del ajedrez* de **Rafael Núñez** e **Aitor Vidaurreta**, en colaboración co Departamento de Tecnoloxía e Vicedirección.



- ✓ **Danzar o sentir**. Obradoiro impartido por **Paulo Blue Fernández** da *Compañía Kirenia Danza* no *Espazo Xove de Chantada* para alumnado de LPM de 1º de Bacharelato, en colaboración co Dpto. de Música, na mañá do venres 26 de abril.



- ✓ Colaboración cos *Departamentos de Música* e *Debuxo* na realización do **Lamañazo Rock**, festival organizado polo alumnado de Música de 4º ESO ao abeiro do senlleiro **Castaño Rock** de Chantada, e celebrado na carballeira do centro na tarde do xoves 6 de xuño. Nel compartiron escenario bandas e proxectos de alumnado e profesorado do centro con bandas da bisbarra, formadas en moitos casos por antigas alumnas e alumnos do IES.



3. AVALIACIÓN

Atendendo aos criterios de avaliación expostos no noso proxecto de biblioteca escolar, temos que destacar que a dispoñibilidade do profesorado de garda de biblioteca foi de 17 períodos lectivos (cinco deles correspondentes aos recreos). Este curso non puidemos continuar coa apertura nalgún horario de tarde para facilitar o acceso á biblioteca por parte sobre todo do alumnado da ESA así como do resto da comunidade educativa. A labor de préstamo fíxose en estreita colaboración co profesorado do nocturno mediante o emprego do espazo creado de *libros reservados*. Pensamos que é necesaria a creación, nos centros escolares, da figura dunha bibliotecaria con horario completo de dedicación á biblioteca e un equipo de biblioteca, formado por persoal docente, para dinamizar e organizar as actividades formativas e do proxecto lector.

Con relación aos usuarios, ao longo deste curso, tomando datos a través das enquisas realizadas durante o mes de maio podemos afirmar que, por parte do alumnado:

- Cento vinte alumnas e alumnos (de trescentos trinta e dous -36%-) contestaron a enquisa. O curso pasado foi un 37%.
- Das respostas do alumnado salientamos que o 23,1% contesta non ter ido nunca á Biblioteca do centro, mentres que un 6,8% fíxoos case todos os días.
- O 61% contesta non ter ido neste curso co seu profesorado á Biblioteca, e un 21,2% fíxoos algunha vez durante o curso.
- Un 40,2% responde que nunca consultou libros, enciclopedias e outros materiais para preparar o seu traballo de aula, fronte ao 0,9% que soe facelo a diario.
- Un 6% di non coñecer á persoa coordinadora da Biblioteca do centro.
- Das persoas que fixeron uso da Biblioteca, un 58,3% contesta que o que máis utiliza son libros de ficción (relatos, novelas, poesía e teatro), un 3,1% ensaios e manuais, un 15,6% revistas e xornais, un 18,8% banda deseñada e un 14,6% dicionarios e enciclopedias; ademais, un 4,1% empregou CDs ou DVDs e un 30,2% outro tipo de materiais (CD-ROM multimedia, xogos de rol, xadrez...).
- Vólvenos chamar a atención que un 13,8% diga que non se pode conectar á rede dende a Biblioteca, un preocupante 58,5% non sabe como están colocados os materiais e arredor do 67% non sabe consultar o catálogo da Biblioteca do centro ou doutras da rede a través de internet.
- Sobre as actividades que o alumnado acostuma a facer cando vai á Biblioteca, as cinco principais son: estudar e facer traballos de clase (63%), levar libros en préstamo (40,7%), ler libros

(35,2%), elaborar traballos empregando o ordenador (28,7%) e consultar información en internet (28,7%).

- Sobre as actividades organizadas dende a Biblioteca, un 13,8% non é coñecedor que se fixera algunha. Un 68,6% contesta que nunca participou activamente en ningunha proposta, fronte ao 9,3% que o soe facer case sempre.

- Chámanos a atención tamén que o 83,1% asegure non ter feito ningunha actividade para saber como buscar información nos recursos que ofrece a Biblioteca. Quizais o telas feito nas horas de titoría e principalmente na aula teña despistado ao alumnado.

- Un 20,5% contesta non saber buscar información nas enciclopedias, e un 1,7% en internet.

- O 42,7% non levou material en préstamo neste curso, e un 85,6% non o fixo nos períodos de vacacións.

- Con respecto ao tipo de material que se leva en préstamo, un 68,3% fíxoos de libros de lectura obrigatoria, un 18,3% de libros do seu gusto, e un 13,5% de material para realizar traballos. Máis do 67% das respostas apuntan aos departamentos de linguas como a áreas principais á hora de levar libros en préstamo.

- O 90,4% non colaborou coa Biblioteca durante este curso.

- Sobre as propostas de mellora, un 43% gustaría poder empregar o espazo da Biblioteca co seu profesorado, un 30,8% gustaría poder contar con máis libros do seu agrado, e un 22,4% cre que deberían facerse máis actividades sobre lectura. Un 20,6% considera que debería habilitarse máis espazo para a lectura e o traballo e un 17,8% preferiría poder facer máis traballos en grupo.

- Un de novo preocupante 29,6% contesta que non se poden suxerir ou pedir libros á Biblioteca que sexan do seu interese.

- Sobre hábitos lectores, un 15,3% contesta que lle gusta ler moitísimo, fronte a un 19,5% que contesta que non lle gusta ler nada. O 8,8% do alumnado contesta que o libro que está a ler no momento de facer a enquisa procede da Biblioteca escolar do centro, fronte a un 58,4% que está a ler un libro da súa propiedade (un 34,7% responde que ten máis de 100 libros na súa casa; un 7,6% menos de 10).

- Un 38,4% contesta que o que máis lle inflúe á hora de escoller un libro é a recomendación de unha persoa amiga, un 26,8% do profesorado, un 21,4% da publicidade e o 13,4% da familia.

- Un amplo 65,3% contesta que soe ler un ou dous libros ao mes (16,9% ningún). Un de cada tres escolle a novela como o que máis gusta de ler fronte o 20% que contesta contos e relatos, 10,4% banda deseñada, e un 6,1% libros de coñecemento.

- O 25,4% acostuma a falar dos libros que le co seu profesorado ou coas compañeiras.

▪ E con respecto á lingua na que se acostuma ler, un 72,9% contesta o castelán (subindo), un 16,1% o galego (baixando) e o restante en outras linguas ou combinacións delas. E aínda haberá quen diga que o galego lle está a quitar terreo ao castelán no ámbito educativo...

Por parte do profesorado:

▪ Dezaoito (de corenta e tres -42%-) contestaron a enquisa. Sube a participación (29% o curso pasado) mais aínda nin sequera se chega á metade do equipo docente.

▪ Das respostas do profesorado salientamos que o 11,1% contesta non ir nunca á Biblioteca do centro e un 22,2% vai algunha vez durante o curso.

▪ Un 29,4% responde que nunca consultou libros, enciclopedias e outros materiais da Biblioteca para preparar as súas aulas.

▪ Das persoas que fixeron uso da Biblioteca, un 87,5% contesta que o que máis utiliza son libros de ficción (relatos, novelas, poesía e teatro), un 31,3% ensaios e manuais, un 18,8% revistas e xornais, un 31,3% banda deseñada e un 6,3% dicionarios e enciclopedias; ademais, un 37,5% empregou DVDs e un 6,3% outro tipo de materiais (xogos de rol, xadrez...).

▪ O 70,6% non foi nunca durante este curso á Biblioteca co seu alumnado, e un 5,9% empregouna como aula todas as semanas.

▪ Un 16,7% non sabe como están colocados os materiais, o 16,7% non sabe consultar o catálogo da Biblioteca do centro e o 16,7% ao doutras da rede a través de internet.

▪ Das actividades feitas pola Biblioteca o 27,8% contesta que non participou nunca nelas, e un 22,2% fíxoos case sempre.

▪ Con respecto ao tipo de material que se leva en préstamo, o 55,6% contesta que leva libros do seu gusto, mentres que a outra parte leva libros para preparar as súas materias (ben libros de lectura obrigatoria, ben libros para realizar material educativo).

▪ Sobre as propostas de mellora, un 50% cre que debería estar aberta máis horas; un 37,5% considera que debería haber máis espazo para ler e traballar; un 31,3% considera que se debería empregar máis como aula co alumnado; un 25% cre que debería haber máis actividades como encontros con autoras ou presentación; e tamén un 18,8% estima que estaría ben poder facer traballos e proxectos entre varios grupos.

▪ Sobre hábitos lectores, un 27,8% contesta que lle gusta ler moitísimo, fronte a 16,7% que contesta algo (unha persoa contestou *nada*).

▪ Un 22,2% contesta que o libro que está a ler no momento de facer a enquisa procede da Biblioteca escolar do centro, fronte a un 61,1% que está a ler un libro da súa propiedade (un 77,8%

responde que ten máis de 100 libros na súa casa).

- Un 61,1% contesta que o que máis lle inflúe á hora de escoller un libro é a recomendación de unha persoa amiga.
- O 44,4% das docentes escolle a novela como o que máis gusta de ler fronte o 16,7% que contesta libros de coñecemento ou o 11,1% de poesía.
- Un 61,1% acostuma a falar dos libros que le co resto do profesorado ou co alumnado.
- E con respecto á lingua na que se acostuma ler, un 55,6% contesta o castelán e un 22,2% o galego.

Por parte da comunidade educativa ninguén contestou a enquisa. Haberá que, no comezo do vindeiro curso, facer unha fonda reflexión xa non só desta non participación con respecto á comunidade educativa (algo que xa se viña fraguando nos últimos anos), senón tamén a considerábel baixada na do alumnado e na do profesorado, e tentar esclarecer as causas que as motivaron (acumulación e/ou exceso de traballo no mesmo período, fallas nas canles de comunicación...).

Con respecto á nosa labor como equipo de dinamización da biblioteca:

- Valoramos moi positivamente a reunión semanal do equipo, que consideramos IMPRESCINDÍBEL para seguir avanzando nos traballos do proxecto e coordinar os mesmos. Sen esa reunión tería sido imposible acadar moitos dos obxectivos. Grazas a ela conseguimos coordinar os traballos de fomento da lectura e formación de usuarios/as e reorganizar a biblioteca realizando o expurgo e a catalogación dos numerosos fondos dispoñibles.

- Este curso fixemos a migración do programa Meiga ao KOHA, polo que dende o comezo estivemos enleadas con cursos de formación, etiquetado, corrección de erros, expurgo..., labor que continuaremos no seguinte curso xa que preferimos ir lentas mais seguras.

- Respecto ao inventario dos fondos que están nos departamentos, segue habilitado un rexistro dende o XADE para facilitar a tarefa aos xefes de departamento.

- Catalogamos **153** novos documentos dende o 1 de setembro de 2023 até o 1 de xuño de 2024. Para as adquisicións, atendéronse absolutamente todas as peticións de libros dos distintos sectores implicados: alumnado, departamentos, club de lectura e aqueles seleccionados polo propio equipo da biblioteca.

- Respecto a dispoñibilidade dos documentos e o servizo de préstamo, non houbo dificultades salientables.

- Durante todo o curso foise incorporando ao sistema todo o alumnado e profesorado que ía

chegando ao centro, sen dificultades salientábeis a tal efecto máis aló dalgún atraso na actualización dos listados.

- Respecto ao nivel de formación das usuarias temos que destacar a colaboración do profesorado titor nas súas horas de titoría do seu alumnado, así como o daquel (este curso pouco) que usou a biblioteca como aula traballando na localización e uso de documentos e recursos informáticos.

- Respecto aos índices de lectura, nos movementos de fondos bibliográficos observamos que, do 1 de setembro de 2023 até o 1 de xuño de 2024, dun total de **615 empréstitos**, os títulos máis solicitados foron: *Mitos griegos*, *Ética para o meu fillo*, *Cousas*, *A vida secreta de Úrsula Bas* e *El Lector de Julio Verne*, todos eles lecturas propostas polo Departamento de Latín e Grego, o Departamento de Filosofía, o Departamento de Lingua Galega e Literatura, o Club de Lectura e o Departamento de Lingua Castelá e Literatura.

- Entre o alumnado, as cinco lectoras máis activas tiveron 23, 17, 14, 13 e 12 empréstitos, todas de 1º de Bacharelato. Entre o profesorado, as máis activas tiveron 27, 21, 15, 10 e 8 empréstitos. No referente ao apartado de nais, pais e amigas as estatísticas amosan a unha persoa con 2 empréstitos e outra con 1.

- Gustaríanos salientar a gran colaboración que tivemos este curso por parte dun maior número de docentes que en cursos pasados nas actividades programadas pola Biblioteca, así como nos recursos facilitados por ela.

- Este curso seguimos facendo recitais, lecturas compartidas, obradoiros de radio, encontros con autoras, reunións dos grupos do club de lectura e as súas actividades paralelas...

- Continuamos a nosa colaboración á hora de programar e argallar actividades co Espazo Xove de Chantada. Ademais continuamos co Lamañazo Rock xunto co departamento de Música e ao abeiro da organización do Castañazo Rock chantadino. Nel involucráronse o departamento de Debuxo, a cafetería do centro, a Casa de Música de Chantada e o FICH (Festival Independente de Chantada), e todo elo co gran apoio da directiva do IES.

- Abriuse unha *Sala de lectura* na aula de desdobre contigua á biblioteca, que funcionou durante os tempos de lecer.

- Dende o segundo trimestre tivemos actividades de conversa e inmersión lingüística cunha alumna e un alumno (irmáns ambos) chegadas da Inglaterra unha hora á semana na biblioteca (martes a primeira hora).

- A utilización na biblioteca das novas tecnoloxías da información foi constante ao longo do curso, o que permitiu facilitar e mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

- A valoración xeral do funcionamento do noso proxecto de biblioteca escolar por parte da comunidade educativa é moi positiva, e consideramos necesario continuar no PLAMBE.

4. PREVISIONS DE FUTURO

As previsións de futuro que serán as liñas prioritarias de actuación para o curso 2024/2025, serán as seguintes

4.1. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN: A BIBLIOTECA COMO LABORATORIO CREATIVO DE APRENDIZAXES

1. Existirá a figura do profesor responsábel da biblioteca así como un equipo de apoio da biblioteca formado por profesorado de diferentes departamentos que traballará en coordinación co anterior.

2. Tanto o responsábel como o equipo deben ter unha dedicación horaria suficiente para desempeñar o seu labor e permitir que a biblioteca estea aberta o máximo de períodos lectivos posible. Os membros deste equipo terán unha hora de reunión semanal para coordinar os traballos e a organización da biblioteca escolar.

3. Continuaremos co alumnado colaborador da biblioteca implicado na súa organización e xestión.

4. Catalogación e empréstito de fondo a través do soporte informático KOHA. O fondo bibliográfico da biblioteca do centro poderá ser consultado a través da páxina web <https://ieslamaquendas.edubib.xunta.gal/>.

5. Tamén haberá na páxina web do centro <http://centros.edu.xunta.es/ieslamaquendas> unha sección dedicada á biblioteca.

6. Continuarase co club de lectura, con todas as seccións de alumnado, profesorado e persoal non docente, nais, pais e amigas.

7. Como a biblioteca debe seguir ampliando e actualizando os seus materiais, continuará o expurgo de determinados fondos documentais, incorporándoos ao arquivo histórico anexo habilitado para ese fin.

8. Para ir avanzando cara unha biblioteca como laboratorio creativo de aprendizaxes promoverase dende o equipo coordinador que siga a ser empregada como espazo xa non só de aula dalgunhas materias, senón tamén como lugar de reunión e traballo de diferentes grupos e proxectos.

4.2. DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO

1. Actualización e provisión do material necesario para poñer en marcha o Proxecto Lector e para dotar aos distintos departamentos dos fondos documentais que lles faciliten o seu labor docente. Estes recursos difundiranse a través de actividades específicas como centros de interese, elaboración de guías de novidades, exposicións e outras actividades que co gallo das distintas conmemoracións se programen na biblioteca. Ademais, pedirase aos distintos departamentos toda a colaboración posíbel para que a adquisición destes fondos sexa axeitada para a súa práctica docente.

2. Seguirase coas sesións de animación lectora e cos encontros con autoras, que nos axudarán a coñecerlas, a comprender mellor os seus libros e a fomentar o gusto pola lectura.

3. Realizaremos, en colaboración con distintos departamentos do centro, actividades de animación lectora, realizadas por persoal do centro ou animadoras alleas que achegarán ao alumnado os libros dun xeito máis lúdico.

4. Proxecto Vinilo: continuaremos coa catalogación de vinilos do noso arquivo que comezamos os cursos pasados en colaboración co Departamento de Música e a súa materia de H^a da Música e a Danza de 2º de Bacharelato. Con algúns deles realizamos algúns podcasts divulgativos.

5. Con todo iso pretenderase servir de apoio a un proceso educativo que, partindo da lecto-escritura, avance cara a alfabetización informativo-dixital, a alfabetización multimedia, a alfabetización intercultural e, xa que logo, á integradora de todas elas e coñecida nesta nosa sociedade da información, de todas e para todas, como a alfabetización múltiple.

6. Atendendo aos obxectivos do Proxecto Lector, estes deben servir para o desenvolvemento da competencia lingüística, para incrementar o gusto pola literatura (competencia cultural e artística), para dotar de recursos ao alumnado no seu acceso á información (tratamento da información e competencia dixital) e para facilitar a autoaprendizaxe (competencia para aprender a aprender).

4.3. FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL

1. Programación de varias sesións de actividades para coñecer o espazo físico da biblioteca e os fondos da mesma para facilitar o acceso á información e a consulta do catálogo. Elaboraranse guías de formación, presentacións dixitais e actividades para traballar co alumnado, sempre coa

colaboración necesaria do profesorado e preferentemente a través do plan de acción tutorial.

2. Neste apartado terá unha especial atención a formación do alumnado colaborador da biblioteca, xa que entre as súas funcións está a de axudar ao resto de compañeiras na busca dos materiais da biblioteca.

3. Nestes tempos parécenos imprescindible incidir aínda máis na educación contra a desinformación, dotando e informando sobre ferramentas e boas prácticas para a comunidade educativa que axuden a loitar contra unha das principais lacras do mundo actual.

4.4. FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO

Intentarase realizar as seguintes actividades que forman parte tamén do proxecto lector do centro:

- a) Plan de lecturas curriculares: Dotación das obras e textos que complementan o currículo.
- b) Club de lectura: Tentaremos seguir coas distintas seccións do club de lectura prestando especial atención á de nais, pais e amigas, por considerar que é dende as propias casas onde se pode facer máis polo fomento da lectura. Faranse reunións periódicas para debater sobre unha obra literaria e encontro con autoras e animadoras da lectura.
- c) Continuaremos co recuncho de conmemoracións onde se exporán os materiais dos que dispón a biblioteca relacionados co evento a lembrar.
- d) Paneis conmemorativos: Atendendo as distintas actividades que se realicen no centro.
- e) Centros de interese: Exposición de material dispoñíbel no centro relacionado coas actividades académicas.
- f) Tutorías pola lectura: Coordinación coas tutorías para facilitar materiais coa finalidade de desenvolver a competencia lectora.
- g) Continuarase cos préstamos de libros durante os períodos de vacacións.
- h) Continuaremos coa caixa de suxestións para que o alumnado poida pedir os materiais do seu interese.
- i) Seguiremos co préstamo de e-books e tentaremos incorporar os fondos destes ao blog para dar visibilidade ao mesmo.

4.5. AVANCES CARA UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA

O centro intentará conseguir unha biblioteca inclusiva para os distintos tipos de ANEAE

(Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo), aínda que o centro non presenta moitos casos neste sentido. Para o seguinte curso traballaranse aspectos como:

- a) Contemplan a adquisición e/ou creación de textos adaptados como audiolibros e crear recursos en diferentes soportes e formatos.
- b) Programar actividades adaptadas para os distintos tipos de ANEAE para fomentar a participación.
- c) Traballar para conseguir unha actitude de normalización, visibilidade, respecto e axuda en relación coa diversidade que acade a integración deste alumnado.
- d) Buscar material de lectura axeitado para o alumnado de Ensinanzas Básicas Iniciais (EBI).

4.6. OUTRAS ACTUACIÓNS

1. Queremos pensar na nosa biblioteca como un fervedoiro de inquietudes que nos motive, xunto co resto da comunidade educativa, á realización de actividades e proxectos que contribúan á compensación das desigualdades sociais e á calidade do ensino que se imparte no centro, implicándonos en actividades de extensión cultural destinadas a toda a comunidade e contribuindo, xa que logo, á consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable da ONU (ODS da Axenda 2030).

2. Traballos de investigación: Dotación e información sobre material e técnicas para a realización de traballos de investigación acerca dos distintos contidos das materias ou áreas do currículo.

3. Fomentarse o uso da biblioteca como aula de traballo e como centro de recursos tanto para o profesorado como para o alumnado.

4. Glosarios de termos específicos: Colaborarase na elaboración de vocabularios específicos para a aula, en cada materia.

5. Conmemoracións e efemérides: Programaranse actividades co gallo das distintas celebracións dentro do calendario escolar: exposicións, concursos, talleres, etc...

6. Encontros con persoeiros (escritores, científicos, artistas, contacontos, etc...).

7. Semanas didácticas: Semana do amor, da poesía, do libro...

8. Sesións de animación lectora: No que acudirán persoas expertas para traballar co alumnado.

9. As nosas creadoras: Manter actividades de creación (e a súa promoción) do noso

alumnado.

10. Revista escolar: Colaboracións coa revista escolar realizada polo Equipo de Dinamización Lingüística.

11. Radio: Continuar co mantemento e promoción da Aula de Radio “A fume de qarozo”) para conseguir unha maior implicación da comunidade educativa máis aló das actividades feitas polo equipo da biblioteca.

4.7. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES E INSTRUMENTOS QUE SE VAN UTILIZAR

1. En canto aos criterios, terase en conta a dispoñibilidade do profesorado para a biblioteca, as modificacións e melloras do espazo físico e do catálogo, o funcionamento e utilidade do sistema KOHA para a catalogación, a organización e dispoñibilidade dos documentos tanto para o alumnado como para o profesorado, o nivel de formación das usuarias, o grao de uso da biblioteca como centro de recursos do centro, o desenvolvemento do programa das actividades de animación á lectura e o nivel global de funcionamento do proxecto de biblioteca.

2. Para a avaliación os instrumentos serán a observación e rexistro dos procesos e dos resultados obtidos e da realización de enquisas tanto ao profesorado como ao alumnado. A finais de curso o equipo da biblioteca elaborará unha memoria na que se recollerán as conclusións.

3. Para a avaliación do Proxecto lector e da Biblioteca pasaranse diferentes enquisas tanto aos departamentos como ao profesorado e ao alumnado.

4.8. PERSOA DESIGNADA COMO RESPONSÁBEL/DINAMIZADORA DA BIBLIOTECA ESCOLAR. EQUIPO DE APOIO. HORARIO PREVISTO.

A persoa dinamizadora da biblioteca escolar será por terceiro curso **Juan Manuel Vázquez Vázquez**, quen disporá no seu horario de polo menos 3 períodos lectivos para desempeñar as súas funcións.

O equipo de apoio da biblioteca estará formado por profesorado que teña horas libres no seu horario semanal, intentando manter aquel que leva realizando esta función nos últimos anos.

En canto ao horario da biblioteca, permanecerá aberta os máximos períodos lectivos posibles, ademais de todos os recreos. Nos recreos facilitaranse os préstamos de libros e consultas.

O equipo da biblioteca terá un período semanal dedicado a unha reunión para a coordinación do funcionamento da biblioteca.

Chantada, 4 de xuño de 2024.

Visto e Prace
O DIRECTOR



Asdo: Javier Conde Vázquez



O RESPONSÁBEL DA BIBLIOTECA



Asdo: Juan Manuel Vázquez Vázquez